

UNIVERSIDADE DE VIGO

TRIBUNAL DE GARANTÍAS

VI MEMORIA ANUAL

1 DE FEBREIRO 2005 – 31 DE DECEMBRO DE 2005

Debemos preciarnos de ser razonables, pero no de tener razón; de ser sinceros, pero no infalibles.

JOUBERT

ÍNDICE

- PRESENTACIÓN
- COMPETENCIAS XURÍDICAS DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS
- MODOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS
- PARTE I - CONSULTAS E INTERVENCIÓNS
- PARTE II - EXPEDIENTES
- PARTE III - RECOMENDACIÓNS DA COMISIÓN PERMANENTE DE DEFENSORES UNIVERSITARIOS
- PARTE IV - ACTUACIÓNS DE OFICIO E RECOMENDACIÓNS
- ANEXOS. NORMATIVA POLA QUE SE REXE O TRIBUNAL DE GARANTÍAS

PRESENTACIÓN

Os Estatutos da Universidade de Vigo, no seu artigo 145.5, establecen que o Tribunal de Garantías deberá presentar ante o Claustro unha memoria anual na cal se reflectirá a actuación realizada ao longo dun ano. De acordo con este precepto, preséntase esta memoria estruturada en catro partes, ademais dunha presentación, dunha introdución que abrangue as competencias xurídicas e modos de actuación do Tribunal de Garantías, que se detallan a continuación.

Por outra parte, ao longo deste período, o Tribunal de Garantías reuniuse en dez sesións ordinarias e deliberantes, a modo de actuacións de parte, e estivo composto por:

- Luis Espada Recarey (presidente)
- Santiago Guevara Junquera (vicepresidente)
- Ramón Araújo Casado (secretario)
- Rosa Graña Costas (vogal)
- Daniel García Castañal (vogal)
- Ángel Rial Otero (vogal) (ata 24-05-05)
- Jesús del Val García (vogal) (dende 14-06-05)
- Inmaculada Valeije Álvarez (vogal) (dende 14-06-05)

COMPETENCIAS XURÍDICAS DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

A Lei orgánica 6/2001 de universidades, de 21 de decembro, na súa disposición adicional decimocuarta, establece que:

Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do Defensor Universitario. As súas actuacións, sempre dirixidas cara a mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e autonomía.

Corresponderá aos estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

A lei fai igualmente referencia ao defensor universitario cando, referíndose aos dereitos e deberes dos estudantes (art. 46), sinala que os estudantes terán dereito *á garantía dos seus dereitos, mediante procedementos adecuados e, se é o caso, a actuación do defensor universitario (art. 46.2.h).*

MODOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

Nesta intervención preceptiva ante este claustro, que lle corresponde levar a cabo ao Tribunal de Garantías para dar a coñecer as peculiaridades e características das súas actuacións, as cales se pormenorizan nesta memoria anual, abranguen un período comprendido entre febreiro de 2005 a decembro de 2005, que se corresponde, polo tanto, practicamente, coa totalidade do pasado ano.

As modalidades técnicas de actuación practicadas polo Tribunal de Garantías son as seguintes:

Consultas.- Trátase da actuación máis frecuente e áxil. Permite cumprir co dobre obxectivo de orientar e informar os membros da comunidade universitaria sobre as reclamacións e problemas que presentan e que estean relacionados coas actuacións dos diferentes órganos da Universidade, así como con outras actividades da vida universitaria.

Intervencións.- Corresponden ás actuacións que se fan necesarias como consecuencia da natureza do problema que se presenta na consulta correspondente ou polas características do mesmo, e tamén co fin de previr a radicalización dos conflitos. Realízanse mediante xestións persoais, ou por outros medios, tanto ante os responsables dos órganos universitarios que poden dar unha solución rápida a tales problemas ou que proporcionen a información necesaria, como ante partes afectadas. Estas actuacións, así como as consultas, permiten resolver reclamacións sen ningún tipo de actuación por escrito e non requiren burocracia, quedando, en todo caso, constancia interna das xestións realizadas, así como do resultado das mesmas.

Reclamacións.- Naqueles casos en que se presente e se admita a trámite unha reclamación na Oficina do Tribunal de Garantías, resulta obrigado realizar actuacións conforme o seu regulamento. Antes de utilizar este procedemento de queixa, o reclamante adoita facer uso dalgún dos mecanismos de reclamación de que dispón a administración universitaria e que estean descritos nos Estatutos e regulamentos da Universidade, así como na restante normativa legal vixente. Neste sentido, bastantes das reclamacións que se tramitan pasaron, previamente, por actuacións de consulta (e/ou de intervención) que, por unha ou outra razón, non permitiron alcanzar unha solución previa á reclamación despois tramitada.

Mediacións e conciliacións.- Son actuacións que se realizan a petición expresa dun membro da comunidade ou dun colectivo, así como dalgunha autoridade académica. Este procedemento de actuación como mediador é desexable que sexa asumido, cada vez máis, como fórmula para dar solución aos

problemas da vida universitaria. Trátase dunha vía de actuación na que as partes implicadas deben sentarse, de común acordo, arredor dunha mesa para solucionar as súas diferenzas coa mediación do Tribunal de Garantías.

Actuacións de oficio.- Trátase de actuacións realizadas a iniciativa do propio Tribunal de Garantías ante a manifesta existencia de actos e resolucións da Universidade que supoñan aclaracións dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. A actuación de oficio sempre implica actuacións por escrito e, nalgúns casos, a publicación de monografías e informes.

Recomendacións e suxestións.- Corresponden ás recomendacións que debe realizar o Tribunal de Garantías tras a tramitación das actuacións derivadas das reclamacións presentadas. Remítese copia tanto ao interesado como ao afectado pola reclamación e/ou á autoridade académica responsable para que, no seu caso, revise a súa actuación. En ocasións, se se ten o convencemento de que o cumprimento rigoroso dunha norma pode provocar algunha situación inxusta ou prexudicial para a comunidade, recoméndase a modificación da mesma, utilizando as suxestións para solicitar un cambio nas actuacións xa realizadas.

Por outra parte, e tamén para un mellor seguimento das recomendacións ditadas sobre os expedientes analizados, estas agrúpanse en:

POSITIVAS: refírense ao ditame elaborado polo Tribunal, onde se conclúe coa defensa do recorrente, en canto que se violaron algúns dos dereitos académicos e se propón a rectificación das resolucións citadas.

NEGATIVAS: este baremo abrangue os expedientes que, unha vez analizados, o Tribunal de Garantías considera que non se violaron os dereitos académicos do recorrente, e polo tanto, desestímase a queixa presentada.

INFORMATIVAS: utilízase esta denominación cando o Tribunal de Garantías vai informando sistematicamente ao recorrente de todos os pasos que debería seguir con relación ao caso presentado, así como dos informes solicitados para un mellor coñecemento dos feitos, e dos que se dea conta ao recorrente para que poida actuar en consecuencia.

CONCILIADORA: emprégase este termo para definir aqueles expedientes que culminan cun acercamento das posturas relacionadas co motivo da queixa.

Noutra orde de cousas, e desde o punto de vista organizativo, o Tribunal reuniuse en sesións deliberantes. En todas elas analizáronse os temas e puxéronse de manifesto, en ocasións, distintas ópticas sobre a forma de resolución ou recomendación. Non obstante, en todos os casos, o texto final redatado foi consensuado, ao igual que o contido da memoria presentada e o informe que corresponde ler ante este claustro.

Metodoloxía

A presente memoria dividiuse en catro partes diferenciadas aínda que relacionadas entre si.

Na primeira, no referente a consultas e intervencións, o total destas elevouse a 169: (Bolsas e axudas. Residencia e transporte. Validacións. Docencia e investigación. Xestión de matrícula e expedientes. Infraestruturas e obras. Normativas. Plans de estudos. Temas laborais). Unha vez máis, a temática relacionada coa cualificación de exames e criterios de avaliación dos mesmos constitúen a principal fonte destas consultas.

En relación cos expedientes analizados, que se describen na parte II desta memoria, a súa distribución por sectores segue unha tendencia semellante á observada no apartado de consultas e intervencións, pois predominan as relacionadas co estamento (sector alumnado) con máis dun 81,3 %.

A nota peculiar e diferenciadora dos expedientes que foron obxecto de estudo por parte deste Tribunal de Garantías reside, fronte aos analizados en memorias ou informes anuais anteriores, na maior complexidade temática presentada e, polo tanto, no seu tratamento analítico e pormenorizado que todos eles motivaron. Foron, en xeral, aspectos novos que condicionaron unha maior dedicación e asesoría para alcanzar o seu ditame final. E aínda que a temática non varía (exames, bolsas, avaliación curricular, avaliación docente, etc.), si se observaron novos enfoques e circunstancias, feito que nos vén a confirmar que, para unha mesma temática, hai sempre distintas ópticas interpretativas.

Nunha terceira parte, pormenorízanse actuacións relacionadas con actuacións de oficio que se corresponden con actos levados a cabo pola Comisión Permanente e Encontros Estatais de Defensores Universitarios.

Finalmente, na última parte descríbense actuacións de oficio e recomendacións de carácter xeral e específico que este Tribunal de Garantías quere facer constar ao Claustro Universitario do que é comisionado.

PARTE I:
CONSULTAS E INTERVENCIONES

CONSULTAS E INTERVENCIÓNS

- POR COLECTIVOS
- POR PRAZO DE RESOLUCIÓN
- POR ÁREAS TEMÁTICAS

DISTRIBUCIÓN DE CONSULTAS

1º.- POR COLECTIVOS

| <u>Nº CONSULTAS</u> | <u>%</u> | <u>COLECTIVOS</u> |
|---------------------|----------|-------------------|
| 148 | 87,6 | ESTUDANTE |
| 13 | 7,7 | PDI |
| 8 | 4,7 | PAS |

TOTAL 169

2º.- DISTRIBUCIÓN DE CONSULTAS POR PRAZO DE TRAMITACIÓN

| <u>Nº CONSULTAS</u> | <u>%</u> | <u>PRAZO DE TRAMITACIÓN</u> |
|---------------------|----------|-----------------------------|
| 107 | 63,3 | UN DÍA |
| 45 | 26,6 | UNHA SEMANA |
| 17 | 10,1 | MÁIS DUNHA SEMANA |

3º.- DISTRIBUCIÓN DE CONSULTAS POR ÁREAS TEMÁTICAS

| | | <u>%</u> |
|-------------------------|----|----------|
| BOLSAS E AXUDAS | 6 | 3,6 |
| RESIDENCIAS, TRANSPORTE | 16 | 9,5 |

| | | |
|------------------------------------|----|------|
| VALIDACIONES | 12 | 7,1 |
| DOCENCIA E INVESTIGACIÓN | 8 | 4,7 |
| EXAMES | 84 | 49,7 |
| XESTIÓN DE MATRÍCULA E EXPEDIENTES | 10 | 5,9 |
| INFRAESTRUTURAS E OBRAS | 4 | 2,4 |
| NORMATIVAS | 5 | 3 |
| PLANS DE ESTUDO E TÍTULOS PROPIOS | 4 | 2,4 |
| TEMAS LABORAIS | 6 | 3,6 |
| OUTROS | 14 | 8,3 |

- Agravio comparativo, abuso de poder
- Ausencia ou denegación de información
- Demora inxustificada
- Incumprimento de obrigas

PARTE II:
EXPEDIENTES

EXP. 1

COLECTIVO: docente.

TEMA: reclamación polos resultados da enquisa de avaliación docente.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Solicitude do recorrente coa que achega:

- Copia dos resultados provisionais da enquisa de avaliación docente.
- Copia das alegacións aos resultados provisionais da enquisa de avaliación docente presentadas á Vicerreitoría de Innovación e Calidade ás que achega:
 - Copia do POD do curso 2003/2004.
 - Copia do certificado de docencia impartida polo recorrente.
 - Copia de solicitude ao Decanato do certificado de docencia impartida.
 - Copia do certificado de docencia impartida, outorgado polo Decanato.
 - Copia dos partes por enfermidade durante o pasado curso académico.
 - Copia do programa oficial da materia.
- Resposta da Vicerreitoría de Innovación e Calidade ás alegacións do recorrente.
- Alegacións do recorrente ao escrito da Vicerreitoría de Innovación e Calidade.
- Correos electrónicos enviados á Vicerreitoría de Innovación e Calidade solicitando unha entrevista.
- Resultados definitivos do informe de avaliación docente da materia que impartiu o recorrente.

2. Informe dun asesor externo.

3. Solicitude de información ao vicerreitor de Innovación e Calidade.

4. Contestación da Vicerreitoría de Innovación e Calidade.

5. Escrito dirixido ao vicerreitor de Innovación e Calidade.

RECOMENDACIÓN CONCILIADORA: o Tribunal de Garantías acordou dirixirse á Vicerreitoría de Innovación e Calidade para que dea cumprimento ao que cita no seu oficio, onde di que para emendar o problema se acorda poñer en contacto co recorrente, dado que aínda este non recibiu información ningunha.

Tempo de resolución: 12 semanas.

EXP. 2

COLECTIVO: estudante.

TEMA: recurso de alzada contra o acordo do Tribunal para a revisión da cualificación.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Nota interior da Asesoría Xurídica coa que chega:
 - Solicitud do Sr. Reitor de revisión da cualificación dirixida ao Tribunal de Garantías.
 - Instancia do recorrente na que presenta o recurso de alzada ao Sr. Reitor.
 - Acordo do tribunal encargado de revisar a cualificación.
2. Escrito do Tribunal de Garantías á dirección do Departamento solicitándolle fotocopia do exame.
3. Envío do exame pola dirección do Departamento.
4. Envío do exame a un tribunal externo.
5. Entrada dos informes solicitados ao tribunal externo.
6. Nota interna da Asesoría Xurídica con escrito do recorrente queixándose da demora en resolver o seu caso.

RECOMENDACIÓN NEGATIVA: acordo do Tribunal de Garantías comunicándolle ao recorrente que o tribunal externo, constituído por tres profesores/as doutra universidade con ampla experiencia na materia relacionada con ese exame, corrixido de maneira independente, ratificou a cualificación de suspenso.

Tempo de resolución: 20 semanas.

EXP. 3

COLECTIVO: docente.

TEMA: dereito de información.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Reclamación do recorrente coa que chega:
 - Escrito enviado á Secretaría Xeral.
 - Novo escrito enviado á Secretaría Xeral.
 - Convocatoria da Comisión Permanente da Facultade.
 - Correo electrónico do Decanato.

RECOMENDACIÓN POSITIVA: o Claustro, segundo o artigo 35.d) dos vixentes Estatutos, ten a competencia de establecer as liñas xerais da planificación plurianual para o seu traslado ao Consello de Goberno.

É obvio que se o Consello de Goberno, por medio desa delegación, toma, tradicionalmente, o acordo referido ao calendario escolar para cada curso, ao mesmo lle corresponde acordar as modificacións ao respecto, xa que á Secretaría Xeral lle corresponde a función como tal de secretario dos órganos colexiados e a de dar publicidade aos acordos dos mesmos.

Por outro lado, a Secretaria Xeral, ao ser secretaria dun órgano como o Consello de Goberno, ten a obriga de expedir certificacións das consultas, ditames e acordos adoptados.

Tempo de resolución: dúas semanas.

EXP. 4

COLECTIVO: estudante.

TEMA: supresión da quenda de tarde na Facultade.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Reclamación dos recorrentes coa que achegan:
 - Escritos ao Decanato.
 - Actas da Xunta da Facultade.
2. Copia das actas da Xunta da Facultade que achegan os recorrentes.
3. Escrito ao Decanato da Facultade solicitándolle información sobre o tema.
4. Contestación do Decanato.

RECOMENDACIÓN POSITIVA: o Tribunal de Garantías recomenda que se habiliten os medios para que os alumnos/as poidan cursar o derradeiro curso. O Decanato comunica que a Xunta da Facultade tivo en conta a recomendación feita polo Tribunal de Garantías.

Tempo de resolución: seis semanas.

EXP. 5

COLECTIVO: estudante.

TEMA: revisión de exame.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Nota interna da Secretaría do reitor coa que se achega:
 - Reclamación do interesado coa que achega escrito da Dirección do centro comunicándolle o acordo do Consello de Departamento.
2. Petición do exame ao Departamento.
3. Novo escrito de petición de exame ao Departamento.
4. Envío do exame por parte do Departamento.
5. Envío do exame a un tribunal externo.
6. Contestación do tribunal externo no que emite a cualificación de aprobado.

RECOMENDACIÓN POSITIVA: por todo isto, este Tribunal de Garantías dirixiuse ao Sr. Reitor comunicándolle a decisión do tribunal externo para que resolva o expediente a favor do recorrente.

Tempo de resolución: 18 semanas.

EXP. 6

COLECTIVO: estudante.

TEMA: revisión de exame.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Nota interna da Asesoría Xurídica, na que se traslada recurso interposto por un estudante da Facultade, contra a resolución do tribunal designado pola Comisión Permanente do Departamento para a revisión do exame.

Achégase coa nota interna a seguinte documentación:

- escrito do interesado, co que achega o programa da materia, fotocopia do exame así como apuntamentos fotocopiados.
2. Nota interna da Asesoría Xurídica, no que se traslada todos os antecedentes.
 3. Escrito dirixido ao Departamento no que se solicita o exame do alumno.
 4. Envío do exame por parte do Departamento.
 5. Envío do exame a un tribunal externo.

RECOMENDACIÓN NEGATIVA: acordo do Tribunal de Garantías comunicándolle ao recorrente que o tribunal externo, constituído por tres profesores doutra universidade con ampla experiencia na materia relacionada con ese exame, corrixido de maneira independente, ratificou a cualificación de suspenso.

Tempo de resolución: 22 semanas.

EXP. 7

COLECTIVO: estudante.

TEMA: revisión de exame.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Nota interna da Asesoría Xurídica, onde se traslada a solicitude do alumno, na que solicita revisión do exame da materia.
2. Escrito dirixido ao director do Departamento, no que se lle recomenda que se dea trámite á solicitude presentada polo recorrente.
3. Escrito do recorrente no que solicita que se acelere o proceso.
4. Escrito do Departamento no que comunica que foi o que acordou o Consello reunido en sesión ordinaria.

RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías considera que un exame parcial é unha proba ou avaliación graciable realizada polo profesor fóra do contexto que implican os exames oficiais.

Tempo de resolución: 15 semanas.

EXP. 8

COLECTIVO: docente.

TEMA: desconformidade ante resolución de xubilación.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Escrito de queixa do recorrente á súa xubilación por incapacidade.
2. Escrito do presidente da Xunta de PDI, no que se achega recurso de reposición ante o Sr. Reitor contra a xubilación por incapacidade, xunto á petición de mediación do Tribunal de Garantías.
3. Escrito ao recorrente en que se lle comunica as actuacións que vai levar a cabo este tribunal.
4. Escrito á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado no que se lle solicita toda a documentación sobre este tema.
5. O recorrente achega certificación da Secretaría do Departamento no que consta que se lle asigna docencia, para que se lle teña en conta.
6. Envío da documentación de todo o expediente pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.
7. Solicitud ao Servizo de Persoal, do escrito enviado ao interesado .
8. Contestación da Xefatura de Persoal, remitindo o escrito solicitado.
9. Escrito de contestación final dirixido ao recorrente.
10. Escrito do recorrente en que conclúe dicindo que a Universidade de Vigo non procedeu legalmente.

RECOMENDACIÓN NEGATIVA: unha vez analizada toda a documentación e consultado o disposto no apartado quinto da Resolución 29/12/1995 da Secretaría de Estado para a Administración Pública (BOE do 11 de xaneiro de 1996) relativo ao procedemento de xubilación por incapacidade permanente para o servizo, así como o disposto na disposición adicional terceira da Resolución de 31/12/de 1996 (BOE do 1 de xaneiro de 1997) este Tribunal de Garantías considera que a iniciación e instrución do procedemento de xubilación por incapacidade permanente para o servizo non está viciado de nulidade, como afirma o interesado no seu escrito de queixa, pois foi tramitado de conformidade coas previsións da citada resolución.

Por outra parte, os equipos de valoración de incapacidades incardinados na Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social do lugar de residencia do recorrente son, segundo establece o Real decreto 1300/1995 de 21 de xullo, os órganos competentes para efectuar o recoñecemento médico oficial por anulación ou diminución da capacidade do traballo por situacións de invalidez permanente.

Ademais, as valoracións dun recoñecemento médico oficial son unha cuestión que desborda a competencia deste Tribunal de Garantías, posto que as súas actuacións se reducen a verificar de acordo co establecido no art. 144 dos Estatutos da Universidade de Vigo o incumprimento da legalidade por parte da Universidade de Vigo nas súas relacións co recorrente.

Tempo de resolución: 13 semanas.

EXP. 9

COLECTIVO: estudante.

TEMA: revisión de exame.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Nota interna da Asesoría Xurídica, na que traslada toda a documentación presentada polo alumno; solicita a revisión do exame parcial dunha materia. Achéganse tamén os antecedentes enviados polo Decanato. A reclamación foi dirixida ao Sr. Reitor.
2. Solicitud ao Decanato, para que remita os criterios de avaliación dos exames da materia.
3. Escrito do Decanato, achegando os criterios de avaliación do exame.
4. Solicitud de novo ao Decanato da normativa sobre a avaliación dos exames.
5. Envío do programa da materia.
6. Escrito dirixido ao Decanato, en que se lle solicita que informe da forma de cualificación e da cuantificación da nota obtida así como se os parciais son compensatorios.
7. Constestación do Decanato no que remite a documentación que se lle solicitou .

RECOMENDACIÓN NEGATIVA: o Tribunal de Garantías considerou que as probas parciais non son compensatorias entre si, de acordo coa regulamentación que rexe a forma de cualificación da materia obxecto da queixa.

Tempo de resolución: 15 semanas.

EXP. 10

COLECTIVO: estudante.

TEMA: perda de exame.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Nota interna da Asesoría Xurídica, na que achegan reclamación do estudante pola perda dun exame. A reclamación foi presentada ante o Sr. Reitor.
2. Solicitud de información ao profesor da materia.
3. Contestación do profesor na que expón todos os feitos relacionados coa reclamación.
4. Recomendación acordada polo Tribunal de Garantías. Comunícaselle ao recorrente.
5. Novo escrito dirixido ao profesor, no que se lle comunica a recomendación acordada por este Tribunal de Garantías.

6. Ante a imposibilidade de poderlle entregar ao profesor a recomendación feita por este Tribunal de Garantías, envíase escrito ao decanato para solicitarlle que faga entrega polos medios que considere necesarios.

RECOMENDACIÓN CONCILIADORA: o Tribunal de Garantías conclúe coa recomendación de que non se pode acordar dar aprobado sen a existencia dos exames, como solicita a recorrente, senón que se recomenda a realización do exame de novo, facilitando ao máximo outras datas máis acordes á súa dispoñibilidade, ou ben a realización dun traballo a proposta do profesor.

A modo aclaratorio faise constar que a asunción desta recomendación levouse a cabo despois de consultar a outros defensores universitarios españois, existindo total coincidencia no ditame.

Tempo de resolución: 9 semanas.

EXP. 11

COLECTIVO: estudante.

TEMA: revisión de exame.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Nota interna da Asesoría Xurídica, na que trasladan o recurso dealzada presentado polo estudante contra a revisión do exame, feita pola comisión nomeada polo Departamento. A reclamación foi presentada polo estudante no Rexistro Xeral e dirixida ao Servizo de Alumnado.
2. Solicitud ao Departamento do exame do interesado.
3. Envío polo Departamento da documentación requirida.
4. Nota interna da Asesoría Xurídica na que se dá traslado ao escrito do decanato, recibido na Secretaría do reitor, achegando as cualificacións para fundamentar o recurso interposto polo estudante.
- 5.- Escrito do director do Departamento, no que comunica que envía as tres copias do exame que se lle solicitou, pero que están sen compulsar debido á negativa por parte do persoal desta Universidade.
- 6.- Escrito ao director do Departamento, no que se lle solicita as puntuacións obtidas polo recorrente nos exames de xuño e setembro.
- 7.- Contestación polo director do Departamento, no que manda os criterios de avaliación así como a resolución ditada pola Comisión do Departamento.
- 8.- Envío polo Departamento das cualificacións do alumno na materia.
- 9.- Envío do exame teórico para ser corrixido por un tribunal externo.
- 10.- Contestación do tribunal externo, no que se lle dá a cualificación de aprobado.

RECOMENDACIÓN POSITIVA: por todo isto, este Tribunal de Garantías dirixiuse ao Sr. Reitor comunicándolle a decisión do tribunal externo para que resolva o expediente a favor do recorrente.

Tempo de resolución: 16 semanas.

EXP. 12

COLECTIVO: estudante.

TEMA: revisión do exame.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Nota interna da Asesoría Xurídica coa solicitude da alumna, na que pide a revisión do exame logo de que o Consello de Departamento acordase non nomear un tribunal para a súa corrección.
2. Escrito dirixido á Dirección do Departamento, no que se lle solicita información.
3. Contestación pola Secretaría do Departamento onde informa dos acordos do Consello de Departamento.
4. Escrito dirixido á Dirección do Departamento no que se lle solicita tres copias do exame.
5. O Departamento achega as tres copias do exame así como o programa da materia.
6. Envíase o exame da alumna a un tribunal externo.
7. Contestación do tribunal externo, no que se mantén a cualificación de suspenso.

RECOMENDACIÓN NEGATIVA: acordo do Tribunal de garantías comunicándolle ao recorrente que o tribunal externo, constituído por tres profesores/as doutra universidade con ampla experiencia na materia relacionada con ese exame, corrixido de maneira independente, ratificou a cualificación de suspenso.

Tempo de resolución: 16 semanas.

EXP. 13

COLECTIVO: estudante.

TEMA: revisión de exame.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Nota interna da Asesoría Xurídica, trasladando recurso de alzada presentado polo alumno contra o acordo do Consello de Departamento, denegando nova avaliación da cualificación outorgada polo tribunal de 5º, 6º e 7º convocatoria no exame.
2. Escrito dirixido á Dirección do Departamento no que se lle solicita información ao respecto.
3. Contestación da Dirección do Departamento en que indica o proceso seguido coa reclamación presentada polo alumno.
4. Escrito dirixido á Dirección do Departamento en que se lle solicitan tres copias do exame.
5. Envío das copias do exame da materia.

6. Solicitude ao Departamento da normativa da avaliación da materia.
7. Envío polo Departamento da documentación solicitada.
8. Envío do exame do alumno para ser corrixido por un tribunal externo.
9. Contestación do tribunal externo no que emite a cualificación de aprobado.

RECOMENDACIÓN POSITIVA: Por todo isto, este Tribunal de Garantías dirixiuse ao Sr. Reitor comunicándolle a decisión do tribunal externo para que resolva o expediente a favor do recorrente.

Tempo de resolución: 20 semanas.

EXP. 14

COLECTIVO: estudante.

TEMA: Revisión de exame.

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Nota interna da Asesoría Xurídica na que se traslada o recurso de alzada interposto polo estudante, contra a resolución do director desestimando a súa reclamación respecto da revisión da cualificación do exame da materia.

Xunto co recurso achégase a seguinte documentación:

- Reclamación presentada ao Consello de Departamento.
 - Contestación da Dirección do centro á citada reclamación, no que se lle desestima a reclamación.
2. Escrito do Tribunal de Garantías dirixido ao profesor no que se lle fai unha recomendación.
 3. Contestación do profesor no que non acepta a recomendación.
 4. O Tribunal de Garantías ratificase nas recomendacións emitidas por considerar que se violaron os dereitos académicos do estudante recorrente, ante a crenza de que o sistema da puntuación adoptado polo profesor constitúe unha discrecionalidade técnica que implica a non cuantificación do coñecemento global do recorrente, feito que se reflicte na cualificación que figura na acta académica oficial.

Expediente en trámite.

EXP. 15

COLECTIVO: estudante.

TEMA: Cambio de planes de estudo

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Escrito do estudante no que solicita que se lle permita o cambio de plan vello ao novo para poder facer un traslado de expediente.

RECOMENDACIÓN INFORMATIVA: Comunícaselle ao alumno que é preceptiva a contestación ben pola dirección do centro ou da reitoría sobre a queixa obxecto do recurso, antes de recorrer ao Tribunal de Garantías.

EXP. 16

COLECTIVO: estudante.

TEMA: Queixa ante o incumprimento do réxime académico

DOCUMENTACIÓN ANALIZADA:

1. Escrito do estudante no que se queixa da manipulación do seu exame por parte do profesor.

Solicita do Tribunal de Garantías que tome as medidas que considere.

RECOMENDACIÓN INFORMÁTIVA: O Tribunal de Garantías comunícalle que non ten información sobre o tema obxecto da queixa polo que deberá explicitar e documentar todas as actuacións feitas.

PARTE III:
RECOMENDACIÓNS DA COMISIÓ PERMANENTE DE
DEFENSORES UNIVERSITARIOS

- A) NECESIDADES EDUCATIVAS QUE PRESENTAN OS ESTUDANTES DE PERFIL NON CONVENCIONAL
- B) ESTATUTO DO PERSOAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN. ESTATUTO DO ESTUDANTE
- C) HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS ESTRANXEIROS

A) NECESIDADES EDUCATIVAS QUE PRESENTAN OS ESTUDANTES DE PERFIL NON CONVENCIONAL

CONCLUSIÓN

A extensión dos dereitos de cidadanía, a crecente demanda de coñecementos e formación, as necesidades de maior cualificación que requiren as actividades profesionais e laborais e a esixencia permanente de adquisición, actualización e reciclaxe de todo tipo de coñecementos están provocando cambios significativos nos perfís dos estudantes universitarios, así como nas expectativas que depositan os cidadáns na Universidade.

Ao estudante a tempo completo *convencional* vén a sumarse unha gran diversidade de perfís: mulleres e homes adultos que non puideron acceder no seu momento á Univeridade e que o fan unha vez finalizada a súa vida profesional; que inician os seus estudos ao mesmo tempo que traballan (a tempo completo ou a tempo parcial) ou son responsables de actividades familiares ou de coidado; que volven á universidade despois de finalizada unha titulación para ampliar ou actualizar a súa cualificación e que tamén compatibilizan con outras actividades; persoas con calquera tipo de discapacidade que esixen o seu dereito á normalización das súas posibilidades de formación universitaria ou persoas procedentes doutros países que tratan de iniciar (ou de continuar os seus estudos interrompidos pola emigración) nas universidades españolas e que tamén simultanean cunha actividade laboral imprescindible para a súa economía familiar.

A presenza cada vez maior de todos estes perfís na vida universitaria pon de manifesto a necesidade de garantir unha igualdade de oportunidades dirixida ao logro dunha formación e unha aprendizaxe para todos e ao longo de toda a vida.

A construción do Espazo Europeo de Educación Superior supón unha oportunidade inmejorable para reflexionar previamente á súa definitiva implantación e para deseñar políticas e mecanismos que favorezan a inclusión e a igualdade de oportunidades para os novos tipos de estudantes.

Entendemos que os defensores universitarios, na súa dobre faceta recoñecida pola LOU de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria e de actuar dirixidos cara á mellora da calidade universitaria, estamos obrigados a reflexionar e a propor alternativas orientadas cara aos problemas e situacións nos que se adoitan atopar estes novos perfís de estudantes.

1. CONTEXTO SOCIAL DA UNIVERSIDADE

Constátase a necesidade dun cambio de modelo de universidade debido ás transformacións sociais e económicas producidas en España nas dúas últimas décadas. É a universidade a que se adapta ás necesidades e ás características marcadas por unha crecente diversidade da cidadanía e da sociedade, e non á inversa.

Este cambio de modelo non desvirtúa nin desnaturaliza a universidade, se se considera que esta ten un dobre obxectivo:

- a) Conservar, crear e desenvolver o coñecemento.
- b) Difundir este coñecemento a través da educación-formación e facer que os seus logros e avances revertan en toda a sociedade e non só nunha parte.

Se ese cambio xa se produciu en relación co primeiro dos obxectivos, posto que boa parte da investigación se adaptou ás necesidades e ás demandas da sociedade (como de feito se esixe que así sexa), non resulta comprensible a resistencia ao cambio no que se refire ao segundo obxectivo, xa que se constata o mantemento de condicións relativamente ríxidas en canto ao acceso e realización dos estudos universitarios de colectivos da cidadanía con perfís non convencionais.

2. DIVERSIDADE DE PERFÍS

Os perfís que se trataron nesta mesa de traballo son os seguintes:

- a) Estudantes convencionais: a súa actividade universitaria é a tempo completo, de maneira que se atopan dispoñibles para adaptarse aos horarios establecidos e ás condicións impostas pola universidade. Aínda que non se conta con datos precisos, parece existir unha tendencia cara a diminución deste tipo. Este perfil tamén se corresponde coas persoas que non presentan determinadas discapacidades.
- b) Estudantes non convencionais: aqueles que por diversas circunstancias non coinciden co perfil anterior. Considéranse os seguintes:
 - 1. Estudantes con discapacidade (física, sensorial, psicolóxica, etc.). Postúlase a necesidade de incrementar a súa presenza na universidade no cumprimento dos dereitos fundamentais, e non en función de criterios de beneficencia. Trátase de garantir unha plena igualdade de dereitos e de oportunidades para as persoas con discapacidade no seu acceso á universidade.
 - 2. Estudantes que simultaneamente estudan e traballan, ben a tempo completo ben a tempo parcial.
 - 3. Estudantes que non puideron acceder á universidade ao carecer no seu momento da certificación académica requirida.
 - 4. Estudantes inmigrantes, e que habitualmente tamén compatibilizan o seu traballo cos seus estudos.
 - 5. Estudantes que pertencen a outros colectivos desfavorecidos.

3. CONDICIÓNS PARA O CAMBIO

As condicións que teñen que darse para que se produza o cambio son de dous tipos:

- a) Regulación lexislativa-normativa.
- b) Cambio de actitude e de mentalidade na comunidade universitaria. Neste sentido resultan de enorme importancia as campañas de sensibilización/formación.

Ambas as condicións implican un cambio na cultura universitaria que ten que producirse por medio da delimitación dun marco normativo e das actitudes e os comportamentos dos seus membros.

Non obstante, recoñécese que todo cambio cultural implica ou require de tempo, malia que os defensores universitarios deberían intentar e promover a través das súas actuacións que o citado cambio se producise da maneira máis rápida posible.

4. BASES DO CAMBIO

As bases materiais para que o cambio sexa posible son as seguintes:

- a) Desenvolvemento de protocolos, regulacións e normas, tanto de aplicación xeral como específica de cada universidade, que eviten a improvisación e o voluntarismo.
Cómpre desenvolver políticas e prácticas que teñan un carácter de anticipación ás situacións problemáticas ou conflitivas, e non de mera reacción a elas.
- b) Dotación de recursos para a implementación das medidas:
 - a. Recursos materiais.
 - b. Recursos para o asesoramento, a formación e o apoio ao PDI que lle permita levar a cabo a súa actividade docente e titorial de maneira eficaz.

5. OBXECTIVOS DOS DEFENSORES UNIVERSITARIOS

- a) Promover estes cambios a través da elaboración de informes e recomendacións dirixidos a:
 - Reitores e consellos de goberno.
 - Claustros
 - Consellos sociais
- b) Lograr que as medidas adoptadas en relación cos estudantes de perfil non convencional se inclúan como un criterio de avaliación da calidade das universidades nos procesos realizados polas axencias de avaliación e acreditación, tanto a nivel nacional (ANECA) como nas comunidades autónomas onde existan tales axencias.

Todo o contido deste documento adquire, pois, a natureza propia das actuacións dos defensores universitarios, reducíndose á modesta función de suxestión ou recomendación que trasladamos ás nosas respectivas comunidades universitarias.

Nese sentido, invitamos novamente as universidades españolas a que se cuestionen sen demora o tratamento deste asunto, adoptando as determinacións precisas para iluminar as respostas que este problema require.

Esperamos que o noso esforzo poida contribuír á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos.

B) ESTATUTO DO PERSOAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN. ESTATUTO DO ESTUDANTE

CONCLUSIÓNS

-ESTATUTO DO PERSOAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN

O Estatuto do bolsreiro actualmente en vigor non cumpriu as expectativas que creou a súa aprobación, xa que o seu nivel de implantación foi practicamente inexistente. Por iso, tendo en conta os antecedentes no ámbito autonómico, o Goberno formulou a modificación do citado estatuto coa finalidade de que o persoal investigador en formación cotice os dous primeiros anos como bolsreiros e os dous seguintes sexa contratado laboralmente. Isto suporía a implantación do modelo de financiamento do persoal investigador coñecido como modelo 2+2 ou combinación de bolsa de investigación+contratación laboral.

Neste sentido, os defensores universitarios cren conveniente que o novo estatuto de persoal investigador en formación considere os seguintes aspectos:

Seguridade Social: extensión inmediata da cobertura do réxime xeral da Seguridade Social a todo o persoal investigador en formación, dende o primeiro ano da concesión da bolsa ata o cuarto, e tamén para os bolsreiros posdoutorais.

Esta cobertura da Seguridade Social sería:

- Ano 1º e 2º: bolsreiros asimilados a traballadores por conta allea excluindo desemprego.
- Ano 3º e 4º: contrato de traballo en prácticas (ou outra modalidade de contrato) entre o persoal e o organismo ou entidade de adscrición, con Seguridade Social completa incluído desemprego.

DEA: á segunda fase accédese tras obter o DEA (documento administrativo que o substitúa de acordo coa nova estrutura de ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior) ou excepcionalmente

(de maneira extraordinaria e xustificada) achegando un mínimo dunha contribución científica, tecnolóxica, humanística ou artística relevante e avaliábel pola CENAL.

Obrigatoriedade do rexistro: todas as entidades concesionarias de bolsas ou axudas á investigación deberán inscribirse obrigatoriamente no rexistro que se habilite por parte do Ministerio e, polo tanto, quedarán obrigadas aos efectos de considerar os seus investigadores como persoal en formación regulado polo Estatuto do persoal investigador en formación e cuberto pola Seguridade Social.

Ademais do anterior, os defensores universitarios queremos facer chegar a nosa preocupación de que nas nosas universidades existan investigadores en formación sen ningún tipo de apoio económico e cremos necesario que se aclaren e se homoxeneice a situación dos diferentes colectivos que realizan labores de investigación. No caso dos posdoutorandos é necesario que se transformen todas as bolsas posdoutorais en contratos laborais, cotizando pola retribución real recibida, incluído desemprego.

-ESTATUTO DO ESTUDANTE

Nas reflexións dos participantes da mesa púxose de manifesto a conveniencia de elaborar unha normativa homoxénea que considere aspectos esenciais da vida académica do estudante universitario. Entre as razóns que aconsellan a elaboración e posta ao día desta norma están, entre outras, a antigüidade da lexislación existente (algunhas normas proceden da década de 1950), o establecemento dun conxunto de dereitos e deberes básicos comúns a todos os estudantes das universidades españolas e a prevista creación dun Consello Nacional de Estudantes.

Os defensores universitarios cremos que este Estatuto debe incluír sen menoscabo da autonomía de cada universidade o seguinte:

- Carta básica de deberes e dereitos dos estudantes.
- Normativa básica sobre aspectos tan importantes como admisión, avaliación, validación, permanencia, mobilidade, etc.
- Protocolo de actuacións nas situacións de conflitos entre os distintos membros da comunidade universitaria, que posibilite a derogación do Regulamento de disciplina académica de 1954, e no que se inclúan novas vías de solución como a mediación.

Por último é preciso solicitar, a quen corresponda, que na fase de elaboración deste estatuto se dea a coñecer o borrador aos defensores, a través da Comisión Permanente, para que poida formular as súas opinións e achegar, dende o seu coñecemento da vida universitaria e experiencias nos problemas que nela se presentan, aquelas suxestións que poidan contribuír a conseguir un marco de referencia estatutario acorde coas necesidades dos estudantes e da comunidade universitaria.

C) HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS ESTRANXEIROS

O fenómeno da inmigración ao territorio español, así como a plena integración no EEES (Espazo Europeo de Educación Superior) está levando aparellado un vertixinoso aumento das solicitudes de homologación de títulos que deron lugar a múltiples queixas nas nosas universidades. Este tema, que aínda que pode parecer de difícil encaixe no ámbito de cada universidade ou na figura do defensor universitario, por tratarse dunha competencia de ámbito estatal e polo amplo abano de situacións que se presentan, é totalmente asumible por parte dos defensores, xa que se trata de estudantes que deben “formalizar” a súa matrícula nunha universidade da súa elección e rexerse polas mesmas normas que afectan o resto do alumnado, co obxecto de superar as probas establecidas en cada caso.

Se ao maior aumento de solicitudes engadimos a deficiente infraestrutura da que está dotado o Ministerio para acometer esta tarefa, así como certa demora “voluntaria” por parte dos centros que interveñen no proceso, entendemos o sentido do informe do propio defensor do pobo, quen acusou o aumento de queixas ao respecto.

Precisamente, no que respecta aos procedementos de homologación de títulos estranxeiros de educación superior, o último informe dispoñible do defensor do pobo, correspondente ao 2004, dedica unhas cantas páxinas e deixa claro que a aplicación da normativa deu lugar á presentación dun gran número de queixas cuxa contía continuou a súa progresión ascendente durante 2004, seguindo a tendencia dos últimos anos nesta materia. A causa, insiste, debe buscarse no extraordinario incremento de solicitudes de homologación producido dende 1999, debido fundamentalmente ao aumento da inmigración en España e á libre circulación de profesionais no ámbito europeo, así como ao impulso dado aos diversos programas de intercambios de estudantes, o que supuxo un incremento medio anual dun 30% de solicitudes de homologación dende aquela data. Esta circunstancia, unida á complexidade que entraña a análise exhaustiva do nivel formativo de cada título estranxeiro respecto ao esixido en España, chegou a colapsar a capacidade das unidades administrativas encargadas da tramitación dos expedientes de homologación,

provocando a imposibilidade de dar cumprimento aos prazos de tramitación que fixa o Real decreto 86/1987, de 16 de xaneiro.

No ano 1999 presentáronse 8369 solicitudes, que aumentaron ata 15280 en 2003. Ante este aumento o Ministerio reaccionou cunha serie de medidas de maneira que se conseguiu que o número de expedientes finalizados comezase a superar ao de solicitudes presentadas no mesmo período. En 2003 resolvéronse 16555 expedientes e nos seis primeiros meses de 2004, 11444 fronte a 7258 solicitudes novas.

Entre outras moitas cousas o informe di:

No aspecto normativo non cabe senón celebrar a substitución do Real Decreto 86/1987, de 16 de xaneiro polo novo Real Decreto 285/2004, de 20 de febreiro, no que se contén unha nova regulación das condicións de homologación e validación de títulos de estudos estranxeiros de educación superior, cuxa entrada en vigor en setembro de 2004, foi finalmente aprazada ata marzo de 2005 en dous dos aspectos que contempla: o novo procedemento de homologación a graos académicos e a aplicación do sistema de comités técnicos como órganos informantes en substitución do Consello de Coordinación Universitaria.

Debe neste sentido valorarse positivamente a aprobación polo Consello de Coordinación Universitaria de informes xerais sobre un gran número de titulacións e países, o que supuxo que máis da terceira parte das solicitudes de homologación poida resolverse sen necesidade de requirir un informe individualizado ao citado órgano consultivo, o que permitiu certo descenso nas queixas que habitualmente provoca a demora na realización deste trámite cando resulta imprescindible.

Vista a complexidade e as deficiencias do proceso, os directores/decanos dalgunhas titulacións reuníronse para estudar o problema común que ten e acordaron realizar un mesmo tipo de probas, tanto de conxunto como para materias de áreas de coñecemento. Actualmente os candidatos non adoitan ter un programa claro de contidos obxecto das probas. Cremos que este tipo de reunións é positivo, pois permite determinar un nivel e un proceso común. Se non se fai así, cando os candidatos teñen noticia de tratos diferenciados poden acudir alá onde cren que as condicións son máis doadas ou máis accesibles.

En canto á homologación de títulos, o Consello de Coordinación Universitaria (CCU) actúa como un árbitro, mentres que o Ministerio é quen concede ou denega a titulación.

Cremos que para dar axilidade ao proceso faría falta que o CCU tivese unhas táboas de equivalencias baseadas só no contido troncal de cada titulación. O estudo tería que poder contruírse sen moitos problemas coas universidades europeas e con base na experiencia de tantos casos de homologacións como xa se realizaron. Estas táboas terían que estar en poder do Ministerio e moitas homologacións faríanse de oficio sen ir ao CCU. Só terían que pasar aquelas titulacións que non estivesen nas táboas, iso segundo o noso parecer, tería que facilitar e axilizar o proceso.

Tamén sería conveniente que cando houbose que facer probas complementarias o Ministerio dese ás universidades unhas indicacións sobre os contidos mínimos que hai que esixir nas materias troncais, que deberían ser os mesmos que hai que utilizar para as táboas de equivalencias en canto ás homologacións directas.

É posible que un enfoque que se lle está dando á homologación de títulos, que distinga o título como cuestión académica do título como garantía de estar capacitado para exercer unha profesión, facilitara outra maneira de solucionar o problema. A ANECA será o organismo que deberá acreditar e avaliar as titulacións das universidades españolas, quen mellor que ela para estudar, cos mesmos criterios, as titulacións estranxeiras que hai que homologar e, polo tanto, realizar a táboa anteriormente citada? Así existiría unha constatación obxectiva extrauniversitaria destes temas (Real decreto 309/2005, de 18 de marzo).

A relación entre as persoas que solicitan homologación e os centros realízase, en xeral, sen intervención dos servizos académicos das universidades. O candidato, co informe facilitado polo Ministerio, diríxese ao centro que estime oportuno e matricúlase nel. Pero os orzamentos non prevén ningún tipo de dotación económica para iso. Para mellorar o proceso, e entre outras cousas, hai que facer unha certa dotación económica aos centros en función do número de candidatos, recoñecerlles aos profesores méritos de docencia pola súa participación nestes tribunais, e podería ser bo que algúns centros ofrecesen aos candidatos docencia a custo real ou público, de maneira que lles permitira acceder ás probas de homologación en mellores condicións.

O Real decreto 309/2005, de 18 de marzo, entrou en vigor o pasado 20 de setembro, pero os expedientes iniciados coa anterior normativa réxense pola mesma. A nova regulación establece un concepto de homologación máis aberto, intenta equiparar a formación sancionada polo título estranxeiro e a que proporciona o correspondente español. Cremos que é un cambio moi positivo. Máis aínda coas medidas adoptadas para simplificar e acelerar todo o proceso.

O futuro parece máis claro para cando realmente empezemos a realizar a integración no Espazo Europeo de Educación Superior. Pero agora aínda temos moitos expedientes que se rexen coa anterior normativa para a cal o Ministerio seguramente pouco máis fará. Cal é a nosa realidade?, que fai o Ministerio? Pasar o problema ás escolas ou facultades, non ás universidades.

A persoa que desexa a homologación do seu título elixe o centro sen que as autoridades ou os servizos académicos da correspondente universidade teñan coñecemento diso. O centro realiza, ou non, as dúas convocatorias ás que está obrigado, cualifica os examinados e non sempre ofrece un período de revisión das notas ao que está obrigado igualmente. Tampouco está obrigado a pasar comunicación á súa Reitoría. Pode ser que algunha universidade establecese normas internas diferentes ao aquí expresado.

Unha vez analizada a situación actual referida ás homologacións de títulos estranxeiros na Universidade así como a lexislación vixente ao respecto, cabe concluír que debe existir unha maior implicación por parte do Ministerio que, no caso de detectar deficiencias nos plans de estudos dende o que se solicita homologación, delega a continuación do procedemento nas universidades, isto é, a preparación, deseño e programación das probas sen máis criterios que os que de maneira xeral se expresen na Orde de 21 de xullo de 1995.

A universidade, pola súa parte, debido a que detecta certa disparidade á hora de interpretar os criterios, segundo a titulación obxecto da homologación, podería establecer algún mecanismo que garanta a igualdade de condicións dos titulados estranxeiros –establecemento dun curso de adaptación– así como homoxeneidade no desenvolvemento das probas (de aptitude ou de conxunto) e destinar os recursos humanos e materiais que posibiliten o adecuado seguimento e a resolución dos expedientes de homologación.

Finalmente enténdese que o Goberno podería dar algún paso ou poñer en marcha algunha experiencia que desenvolva, en probas, as previsións do RD 309/2005 cuxa vixencia está pendente da aprobación do catálogo de títulos e que contén xa algunhas previsións que mellorarán todo o proceso de homologación.

Para rematar, algunhas **CONCLUSIÓNS E PETICIÓNS:**

1. A posibilidade de elección de universidade por parte do alumno que desexa acceder á homologación converte o aspirante, en alumno de pleno dereito, podendo discrepar dos resultados das probas e acceder aos mesmos mecanismos que o resto dos estudantes da mesma universidade. A posibilidade de intervención dos defensores é clara, no sentido de asegurar o máximo de transparencia e uniformidade en todo o proceso. (Orde 21-07-95, BOE do 27-07-95).

2. A especial situación legislativa española en materia de títulos e competencias profesionais que habilita profesionalmente de maneira automática o titulado influíu e inflúe directamente sobre todo o proceso de homologación, creando unhas resistencias importantes no ámbito social e económico.

3. Dende o pasado mes de setembro coexisten dous colectivos de expedientes de homologación, polo que unha lectura coidadosa do RD 309/2005 permitiría empezar a adoptar xa aqueles cambios que parezan bos e aplicables á situación actual. O Ministerio debería definir mellor o que fará o alumno e a universidade implicarse máis no proceso sen que supoña intervencionismo nas actuacións dos centros. A universidade debería esmerarse en que os seus centros docentes cumpran a lexislación xeral adaptándoa á súa específica. A universidade, en definitiva, debería saber que se fai, se se fai ou non o que se debería facer e cal é o resultado final do proceso.

4. A información contida nas webs das universidades debería ser clara e facilmente accesible para conseguir así que a adquisición de información sobre como, cando e onde se realizan as mencionadas probas non sexa unha proba máis que é preciso superar.

5. En atención ás queixas recibidas nalgunhas oficinas dos defensores, relativas ás actuais probas de conxunto, dado que o artigo 17.3 do RD 285/2004 prevé tamén a posibilidade dunha proba de aptitude, sería conveniente que cada universidade establecese unha regulación da mesma. Se os reitores van ser os competentes para a homologación dos títulos oficiais de máster e doutor, por que non se empezan a implicar máis as universidades?

6. Deberíanse dotar os centros que realizan as probas dos medios necesarios para que poidan recoñecer os profesores que participan nas homologacións algún tipo de mérito docente válido para ser recoñecido e aceptado nos procesos de avaliación dos méritos docentes. Ademais hai que pensar nalgunha dotación económica aos centros en función do número de candidatos e a duración das probas, especialmente as de conxunto.

7. A función da ANECA quedou reflectida na modificación do RD 285/2004 que establece o seu importante papel avaliador de todo o proceso de homologación nos futuros estudos universitarios de grao. Non obstante, non poderá exercer esta potestade ata que transcorra un ano dende a finalización do proceso de renovación do novo catálogo de títulos universitarios oficiais.

PARTE IV:
ACTUACIONES DE OFICIO E RECOMENDACIONES

A) PUBLICACIONES

B) RECOMENDACIONES

1. Valoración da asistencia a clase na cualificación final.
2. Estudantes sorprendidos copiando ou falseando un exame. Sancións previstas. Límites da intervención do profesor e procedemento que debe seguir este.
3. Revisión de exames pexorativa, pode baixarse a nota na revisión de exames?
4. Tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª e 7ª.
5. Sobre tribunais externos.
6. Avaliación do profesorado por parte do alumnado.

A) PUBLICACIONES

No ámbito internacional destácase a celebración do III Congreso Anual organizado pola Rede Europea de Defensores Universitarios (European Network of Ombudsmen in Higher Education, ENOHE).

O congreso tivo lugar os días 18-20 de maio na Escola Diplomática de Viena co propósito fundamental de ser, en palabras do representante –ENOHE *un fíto importante no camiño cara a un mundo académico cambiante nos nosos días*. Ao mesmo asistiu un total de 93 participantes, non só europeos senón tamén australianos, canadenses e norteamericanos, no que se constituíu un foro de debate nun momento tan crucial como o que nos atopamos de creación e desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e a súa repercusión non só académica senón tamén no devir da vida universitaria dende unha perspectiva transnacional.

Neste acto, o presidente do Tribunal de Garantías presentou o seu libro *The Ombudsman for Spanish Higher Education Institutions*, texto que se distribuíu posteriormente entre universidades europeas.

No VIII Encontro Estatal de Defensores Universitarios celebrado os días 20-30 de outubro na Universidade de Cantabria, o presidente do Tribunal de Garantías presentou o seu libro *Valoración da*

asistencia a clases lectivas e entrega de copias de exames nas Universidades españolas, texto que se distribuíu tamén entre todas as universidades españolas.

B) RECOMENDACIÓNS

1. Valoración da asistencia a clase na cualificación final

Os Estatutos vixentes da Universidade dispoñen que *son deberes específicos dos estudantes, ademais dos establecidos na lexislación vixente e nos presentes estatutos con carácter xeral, os seguintes: (...) cumprir coa actividade académica das ensinanzas nas que se matriculen, así como co calendario lectivo.*

A filosofía xeral observada reside en “pemiarse” a asistencia a clase xunto coa participación activa do alumnado, pero non “castigar” ao estudante que non pode asistir por múltiples e variadas razóns. En xeral, só matizan a obrigatoriedade de realización de prácticas (Medicina, Enxeñerías, Educación Física, etc.) como criterios para presentarse ao exercicio final.

En relación á nosa Universidade de Vigo, os dereitos e deberes dos estudantes serán os mesmos, con independencia da asistencia ou non ás clases.

Por todo isto, o Tribunal de Garantías considera que é un tema que deberá clarificarse mediante algún acordo claustral ou do Consello de Goberno. Deberase regulamentar, independentemente dos criterios que sobre o tema teñan os departamentos, unha normativa xeral harmonizadora que non diferencie ao alumnado en función das titulacións que estuden.

2. Estudantes sorprendidos copiando ou falseando un exame. Límites da intervención do profesor e procedemento que debe seguir este.

Formulouse un caso ante o Tribunal de Garantías no que, con carácter previo, se debe proporcionar tanto ao profesor como ao alumno unha correcta información. Por que criterios debe guiarse un profesor para instar ou non a apertura dun expediente tras constatar unha infracción deste tipo?, que procedemento debe seguirse?, que sancións están previstas no ordenamento xurídico?

Unha conduta antixurídica do alumno vén tipificada no artigo 5º do Decreto de 8 de setembro do 1954, que aproba o Regulamento de disciplina académica dos centros oficiais de ensinanza superior, ben como unha falta grave de *suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación de documentos* (a. 4ª), ou como unha *falta de probidade* (a.5ª), ou ben como unha falta menos grave consistente en *actos que perturben notablemente a orde que debe existir nos establecementos de ensinanza* (6.1ª), ou ben como unha falta leve por tratarse de feitos *que poidan causar perturbación na orde ou disciplina académicas*.

Sobre a vixencia actual deste decreto, o noso Tribunal Supremo pronunciouse en sentido positivo, en sentenzas entre outras, de 7 xuño de 1999 (RJ 1999/5018), 15 de decembro de 2000 (RJ 2000/9853), 9 de xullo de 2001 (RJ 2001/7772) e 7 de marzo de 2002 (RJ 2002/5077). (Esta interpretación é similar á emitida polo Defensor da Comunidade Universitaria de Valladolid).

En canto ao procedemento que debe seguir o profesor, sería poñelos en coñecemento do director do departamento responsable da docencia da materia en que se producen os feitos presuntamente constitutivos da infracción administrativa, para que este os eleve ao decano ou director do centro, quen os porá en coñecemento do Sr. Reitor, coa petición de que se adopten as medidas disciplinarias e cautelares que en dereito proceda, xa que aqueles feitos suporían *un quebrantamento substancial ás mínimas esixencias de lealdade e boa fe no sistema establecido de comprobación dos coñecementos adquiridos polos estudantes, coñecementos que non soamente abranguen os das materias cursadas, senón tamén a aprendizaxe dunhas condutas de convivencia e de respecto ás normas establecidas* como se di na citada sentenza de 7 de marzo de 2002.

3. Revisión de exames pexorativa: pode baixarse a nota na revisión de exames?

Formulouse o seguinte caso ante o Tribunal de Garantías: pódese producir para un estudante un empeoramento da cualificación outorgada, como consecuencia da revisión dun exame a petición propia? Antecedentes: a verificación dos coñecementos dos estudantes a través da realización dos exames e da posterior cualificación dos mesmos son verdadeiros actos administrativos e, polo tanto, sometidos ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e posteriores modificacións da mesma.

O artigo 18 do Regulamento de estudantes da nosa universidade regula a revisión dos exames.

Se a reclamación se produce polo propio estudante que foi avaliado, á resolución que se produza seralle de aplicación o previsto no artigo 113.3 da citada lei procedimental, isto é, a resolución ten que ser congruente coas peticións formuladas polo recorrente e en ningún caso poderá agravar a situación inicial daquel.

E por conseguinte a situación ou cualificación do exame dun estudante non se pode ver empeorada como consecuencia da interposición por aquel da reclamación que estime lle asiste en dereito. (Esta interpretación coincide pola emitida por outros defensores universitarios).

4. Tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª e 7ª

Baixo a firme crenza de que un correcto funcionamento dos tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª e 7ª convocatorias evitaría, en moitas ocasións, a necesidade de acudir a tribunais externos para ditaminar conflitos sobre a cualificación de exames, así como tamén se podería cuestionar a utilidade dos tribunais das avaliacións curriculares ou por compensación, polo que esta recomendación sobre os tribunais extraordinarios, plasmada de forma tallante e insistente nas dúas anteriores memorias, non se ve cumprida, e volve a formularse ante este claustro.

5. Sobre tribunais externos

O emprego de tribunais externos é un medio que foi imitado por outras universidades españolas, e que está dando un bo resultado pola obxectividade plasmada nas revisións dos exames que se lle remiten. Non obstante, nesta memoria, manifestamos que a función dos departamentos, a través das súas comisións delegadas, que ten que ditaminar previamente se a reclamación do alumnado é correcta, non se limite a ratificar, sen máis, a cualificación do profesor encargado da materia.

A razón desta recomendación é que, nalgúns ocasións, o tribunal externo, ademais de recualificar o exame, pon de manifesto deficiencias de contidos obsoletos, en función das preguntas formuladas no exame ou, noutras ocasións, a dificultade de levar a cabo o exame proposto no tempo establecido.

6. Avaliación do profesorado por parte do alumnado

En informes anuais precedentes, este Tribunal de Garantías sinalou os defectos observados nas enquisas de avaliación do profesorado por parte do alumnado. Así pois, dispoñendo de máis información, vólvese a formular, a modo de oficio, os seguintes considerandos:

1. A asistencia a clase do profesorado contrólase por métodos internos en cada centro. Por iso, resultaría paradoxal que as respostas emitidas polo alumnado non coincidisen coas que obran en poder do centro.

Pola outra banda, a asistencia ás titorías non é xeneralizada ao longo do curso senón en momentos concretos.

Por iso, este tipo de preguntas e as súas respostas poden distorsionar a realidade. Neste caso concreto, este Tribunal de Garantías recomenda a supresión e introdución dun apartado de observacións no caso de inasistencia comprobada do profesor a clases teóricas e titorías.

2. O número de estudantes que contestan as enquisas é baixo (como media representa un 25% do total do alumnado matriculado). De igual forma existe un desequilibrio entre o número de estudantes matriculados e os presentados a exame.

Por iso, este Tribunal de Garantías considera que debería reconsiderarse este aspecto xa que o número de enquisas non é significativa. Deberíase, polo tanto, incentivar a participación do alumnado.

3. Nos recursos presentados ante este Tribunal de Garantías obsérvase que o alumnado valora un apartado sobre clases prácticas que o profesorado recorrente non impartiu, feito que indica o alto grao de descoñecemento do alumnado sobre o seu profesorado.

4. Non se pode, coa metodoloxía actual, establecer unha relación entre o labor do profesor e o resultado obtido polo alumnado, dada a súa baixa asistencia a clases teóricas. Polo tanto, este aspecto debe cambiar cando se regule a participación do alumnado nas clases, de acordo cos principios de Boloña.

5. Consideramos que unha mellor forma de valorar o rendemento do profesorado é despois de finalizar a carreira ou de superar a materia. O estudante pode manifestar con mellor obxectividade se a materia é de utilidade na súa carreira e valorar o labor do profesorado.

6. Polo tanto, o sistema de avaliación docente debería servir para que, detectadas certas deficiencias do sistema, incumprimentos ou calquera outro problema, puideran ser confirmadas por outras vías e estudar a maneira na que poidan ser corrixidas. Está é unha obriga da Universidade, o mesmo que a de velar pola limpeza e corrección do sistema de avaliación.

-ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO-

Artigo 143

O Tribunal de Garantías é o comisionado do Claustro Universitario para a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, poderá supervisar a actividade da administración universitaria dando conta ao Claustro. Exercerá as funcións que se lle encomenden nestes Estatutos e nas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 144

O Tribunal de Garantías está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que lle sexa presentada, na que estea a ser denunciado o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos do denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

Artigo 145

1. O Tribunal de Garantías elixido no Claustro entre todos os membros da comunidade universitaria componse de nove membros:
 - a) O defensor universitario que o preside, elixido polo conxunto dos claustrais.
 - b) Dous membros elixidos polos representantes do profesorado funcionario doutor.
 - c) Dous membros elixidos polos representantes do resto do persoal docente e investigador.
 - d) Dous membros elixidos polos representantes do alumnado.
 - e) Dous membros elixidos polos representantes do persoal de administración e servizos.
2. Todos os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente, no caso do defensor universitario a maioría de 2/3 precisarase entre os claustrais asistentes á sesión.
3. Os compoñentes do Tribunal de Garantías non estarán suxeitos a mandato imperativo ningún.
4. Un regulamento aprobado polo Claustro fixará o funcionamento do tribunal, os seus medios materiais e a duración do mandato, que non poderá exceder de catro anos. As decisións do Tribunal de Garantías serán adoptadas por maioría dos votos dos asistentes ás reunións, e o voto de calidade do presidente resolverá os empates.

5. O defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.

Artigo 146

Os membros do Tribunal de Garantías cesarán por algunha das causas seguintes:

- a) A petición propia
- b) Por expiración do prazo do seu nomeamento
- c) Por causa legal procedente.
- d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.
- e) Por revogación de todos os membros do Tribunal de Garantías, cando así o acorde o Claustro por maioría absoluta.

Artigo 147

O Tribunal de Garantías, no desenvolvemento das súas funcións, poderá:

- a) Esixir, de oficio ou a pedimento da parte interesada, toda información que considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.
- b) Elevar informes ao Claustro e, no seu caso, propostas de repercusión dos danos estimados.
- c) Xestionar diante dos órganos competentes a corrección dos defectos observados no seu funcionamento.
- d) Requirir do órgano universitario competente a satisfacción do oportuno "interese lexítimo".
- e) Proponer ao Claustro un voto de censura contra o titular dun órgano unipersoal que, a pesar dos requerimentos, non modifique a súa conducta contraria a dereito

-REGULAMENTO DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS-

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1

O Tribunal de Garantías é o comisionado da Universidade de Vigo para a defensa e protección dos dereitos e intereses lexítimos dos membros da Comunidade Universitaria, sendo a súa finalidade fundamental a contribución ao bo funcionamento da Universidade de Vigo. No exercicio das súas funcións, rexerase pola lexislación xeral aplicable, polas disposicións específicas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo e no Regulamento do seu Claustro e polas Normas deste Regulamento.

CAPITULO II: COMPETENCIAS E GARANTÍAS NO EXERCICIO DO CARGO

Artigo 2

Os membros do Tribunal non estarán sometidos a ningún mandato imperativo de ningunha instancia universitaria nin recibirán instrucións de ningunha autoridade ou órgano de Goberno. Ningún membro poderá ser expedientado ou sancionado por razón de opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións.

Artigo 3

No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da Universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

Artigo 4

A condición de membro do Tribunal de Garantías é incompatible co desempeño de calquera cargo unipersonal de goberno da Universidade.

Artigo 5

Todos os órganos de Goberno e todos os membros da Comunidade Universitaria teñen o deber de colaborar co Tribunal no exercicio das súas funcións, que, para tal efecto, terá a consideración de Autoridade, non podendo negárselle o acceso a ningún expediente ou documentación relacionada co obxecto da investigación, sen prexuízo do respecto debido aos dereitos e liberdades das persoas. O Tribunal garantirá a máxima discreción posible nas súas actuacións.

Artigo 6

O Tribunal de Garantías poderá delegar no seu Presidente o desenvolvemento dos asuntos de trámite que aquel considere oportunos, debendo dar conta ao Tribunal, nas sesións ordinarias, de todos os temas tratados.

CAPÍTULO III: PROCEDEMENTO DAS ACTUACIÓNS DE MEDIACIÓN E CONCILIACIÓN

Artigo 7

7.1. Todo pedimento de mediación ao Tribunal de Garantías realizarase mediante escrito, no que conste con claridade o motivo e alcance da pretensión que se formula, os nomes dos solicitantes ou, de ser o caso, o colectivo universitario en representación do que actúan.

7.2. Dentro do prazo dos sete días seguintes a aquel en que fose recibido un escrito de pedimento de mediación, o Presidente do Tribunal de Garantías dará traslado do mesmo a todos os sectores implicados recabando contestación escrita na que se manifieste expresamente se se acepta ou non a mediación.

7.3. Se no prazo dos quince días seguintes á data de envío deste escrito non se recibise contestación negativa na oficina do Tribunal de Garantías, entenderase que a mediación deste foi aceptada.

Artigo 8

Cando todas as partes implicadas acepten a súa mediación, o Tribunal de Garantías poderá iniciar calquera investigación ou actuación conducente á solución dos desacordos e enfrontamentos que se produzan entre os diferentes sectores da comunidade universitaria.

Artigo 9

9.1. O Presidente do Tribunal de Garantías comunicará por escrito aos sectores implicados que dispoñen dun máximo de quince días para que poidan formular por escrito as súas pretensións e presentar os documentos nas que as fundamentan.

9.2. Concluído o prazo precedente, o Presidente do Tribunal de Garantías convocará aos sectores implicados a unha sesión conxunta na que se intentará a conciliación, informando e razoando sobre as alegacións que se formulen e proponendo fórmulas transaccionais das cuestións controvertidas.

9.3. As conclusións e acordos que resulten da sesión de conciliación recolleranse nunha acta que será asinada polo Tribunal de Garantías e polos sectores implicados, a cal terá carácter vinculante.

CAPÍTULO IV: PROCEDEMENTO NA TRAMITACION DE QUEIXAS E RECLAMACIÓN

Artigo 10

As actuacións do Tribunal poderán iniciarse de oficio, sobre aquelas materias universitarias que considere oportunas, ou por instancia de parte. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito no prazo máximo de dous meses dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivaron a solicitude de intervención.

Artigo 11

As queixas ou reclamacións dirixiranse ao Presidente do Tribunal, debéndose presentar no rexistro que para tal efecto se habilitará na sede do Tribunal ou en calquera dos rexistros da Universidade. Nas mesmas se fará constar as xestións realizadas previamente perante a Administración Universitaria, e se achegará a documentación necesaria para facilitar a tramitación da queixa ou reclamación formulada. En ambas as dúas figurarán os datos persoais e a sinatura do ou dos interesados, números do DNI e domicilio para os efectos de notificacións.

Artigo 12

12.1. O Tribunal de Garantías, nun prazo máximo de 15 días, contestará motivadamente respecto de se procede ou non a admisión a trámite das queixas ou reclamacións recibidas. Rexeitaranse as anónimas, as formuladas sen fundamento suficiente (logo de informe da Asesoría Xurídica), as que estean sometidas a instancias xudiciais e aquelas que estean pendentes dun expediente administrativo sancionador. En todos os casos, darase traslado ás persoas interesadas da motivación que fundamentou a inadmisión. O anterior non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais suscitados por ditas queixas.

12.2. Cando das actuacións practicadas se desprenda que unha queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da comunidade universitaria ou dun órgano colexiado, o Tribunal presentará un informe ao Reitor para que tome as medidas axeitadas para o restablecemento da situación perturbada.

12.3. O Tribunal de Garantías comunicará as recomendacións positivas ou negativas aos órganos académicos correspondentes, solicitándolles que nun prazo de 15 días dende a súa recepción comuniquen a dito Tribunal se aceptan ou non a recomendación.

CAPÍTULO V: NOMEAMENTOS E CESAMENTOS

Artigo 13

O Tribunal será convocado polo seu Presidente, cunha antelación mínima de 72 horas á celebración da sesión, podendo convocarse con menor antelación cando haxa algunha razón urxente que o xustifique.

Artigo 14

O Tribunal constituirase coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, debendo contar sempre coa presenza do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, dos seus substitutos.

As decisións do mencionado órgano serán adoptadas por maioría dos votos dos asistentes á reunión e o voto cualificado do presidente dirimirá os posibles empates.

Artigo 15

O Tribunal nomeará a un Vicepresidente e a un Secretario de entre os seus membros.

Artigo 16

Os membros do Tribunal serán elixidos por un período de 4 anos, agás os representantes dos estudantes, que o serán por 2. En ambos casos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

Artigo 17

No caso de que cesase algún dos membros do Tribunal antes da expiración do prazo do seu nomeamento, a súa baixa será provista polo Claustro, a maior brevidade, mediante nova elección, na forma prevista nos Estatutos.

CAPÍTULO VI: APOIO INSTITUCIONAL DO EXERCICIO DO CARGO

Artigo 18

O Tribunal de Garantías terá a súa sede nun local diferente do que habitualmente estea o equipo reitoral e en donde se establecerá o rexistro para a presentación das queixas e reclamacións. En calquera caso non se ubicará en ningún centro ou sede departamental.

Artigo 19

A Universidade deberá facilitar ao Tribunal de Garantías o apoio administrativo e material necesario para o adecuado desempeño das súas funcións.

Artigo 20

A dotación económica necesaria para o funcionamento do Tribunal será incluída no orzamento da Universidade de Vigo.

Artigo 21

A figura do Presidente do Tribunal de Garantías equipararase aos efectos económicos, protocolarios e de exención docente, a de Vicerreitor.

CAPÍTULO VII: DISPOSICIÓN FINAIS

Artigo 22

As decisións e propostas do Tribunal non serán susceptibles de recursos.

Artigo 23

A iniciativa para a reforma do presente regulamento requerirá o acordo da maioría dos membros do Tribunal de Garantías ou a do Consello de Goberno ou a do Claustro. A súa aprobación corresponderá ao Claustro.

Artigo 24

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Claustro, quedando derogadas todas aquelas normas que se opoñan ao presente regulamento.